Padrón

Concello de Padrón
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfl: 981 810 451
Fax: 981 811 550

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

En cumprimento do establecido na base 12.1 das que rexeron o procedemento de selección número 01/2012-SPLT convocado por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión realizada o 19 de xaneiro do 2012, para a provisión dun posto de traballo de axente de emprego e desenvolvemento local en réxime de dereito laboral temporal, mediante o sistema de concurso, faise público que por Resolución do Alcalde número 106/2012, do 24 de febreiro, adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Avocar a competencia para o nomeamento da persoa seleccionada para proveer o posto de axente de emprego e desenvolvemento local deste Concello.

Segundo. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a dona Ana Belen Alvarez Boga ao ter obtido a maior puntuación no concurso de méritos convocado para a provisión temporal dun posto de traballo de axente de emprego e desenvolvemento local, expte. número 1/2012-SPLT.

Terceiro. Establecer a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que a/o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, tal e como prevé a base 12.3 e a bolsa de emprego prevista na base 13:

Nº DE ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1	BLANCO CASTRO, SILVIA	33287289X	3
2	CES GENS MARIA DEL CARMEN	78786421J	1,8

Cuarto. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo e formalizar coa interesada, no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a última publicación, o correspondente contrato laboral por obra ou servizo determinado como axente de emprego e desenvolvemento local en rexime de dereito laboral a xornada completa, previa presentación por parte da mesma da seguinte documentación:

a) Copia compulsada da Tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con anterioridade.

Quinto. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sexto. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 24 de febreiro doe 2012

O Alcalde

Asdo. Antonio Fernández Angueira.